



BOLETÍN INFORMATIVO MUNICIPAL

Concello de Vedra

Setembro 2021 • Nº 259



SETEMBRO

L	M	MC	X	V	S	D
		1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30			

ITV AGRÍCOLA EN VEDRA

■ A Unidade Móbil de Inspección Técnica a Vehículos Agrícolas na contorna do Campo da Festa de Vedra.

- Datas: 13, 14 e 15 de outubro.
- Horarios:
 - O 13 e 14 de 9:00 a 13:30 e de 15:15 a 18:00 horas.
 - O 15 de 9:00 a 13:30 horas.
- Cita previa no teléfono 902 309 000 ou na web www.sycitv.com

ATENCIÓN! A admisión de vehículos con características especiais estará condicionada á posibilidade de realizar as operacións de inspeccións regulamentarias.

IMPOSTOS MUNICIPAIS

■ LEMBRA!

O prazo para o pago dos impostos municipais (lixo, contribución, saneamento, IAE,...) estará aberto ata o 15 de novembro.


Se non recibes a carta lémbrete de reclamala.

LEMBRA... HAI VEDRA

■ Merca no comercio local!

En setembro volvemos á rutina, é o momento de prepararnos para o novo curso e para todos eses proxectos que aparcamos durante o verán, e que mellor maneira de evitar a depresión despois das vacacións que dándonos un capricho ben merecido.

Dáte unha oportunidade e faino axudando ao comercio local, merca en Vedra, na plataforma de venda en liña HaiVedra.



CAMIÑO DO EMPRENDEMENTO SOCIAL

- Xoves 30 de setembro.
20:30 h. Nave da Estación do Tren de Santa Cruz de Ribadulla.

Charla: "A importancia do labor asociativo. Reactivando experiencias para a transformación do territorio".

Aberta a todas as persoas pertencentes a unha asociación ou con interese nesta temática.

- Venres 1 de outubro.
20:30 h. Nave da Estación do Tren de Santa Cruz de Ribadulla.


Acto de recoñecemento a persoas voluntarias, institucións, colectivos e empresas polo seu labor fronte ao coronavirus.

Para máis información: cultura@concellodevedra.com.
Teléfono 981 814 691

Así foi... o Pasatempo de Verán!!



Amencer con Ghazafellos na Feira da Ulla.



Amencer con Ruta en Piragüas.




Tardiña decorativa.



Tardiña nova con xogos do mundo.



Tardiñas mozas de piscina.



Noitiña de acampada moza en Cubelas.



Noitiña de Canto e Pandeireta coa Agrupación Silandeira en San Xán.




Noitiña de Canto e Pandeireta coa Asoc. San Campio.



Noitiña de concerto con Manuele de Felisa en Vilanova.

Así foi... o Pasatempo de Verán!!



Noitiña de piscina para a mocidade.



Noitiña de teatro coa Asociación Cultural Papaventos na Nave de Santa Cruz de Ribadulla.



Ruta nocturna coa etapa Forcarei-Compostela polo Camiño Miñoto Ribeiro coa colaboración do Club Ribadoulla.



Chegada ao Obradoiro da noitiña pola ruta do Camiño Miñoto Ribeiro.



Así foi a noitiña de cine en Merín.



Quedada xove no Aquapark de Cerceda.

Foi en... Agosto



Así foi a presentación do libro de Henrique Neira Vedra unha Historia Visual.




A sinatura do convenio de colaboración co Concello de Boqueixón e con "Antiga" do Gabinete de Patrimonio Cultural para a realización do Plan Integral de recuperación e dinamización do patrimonio material e inmaterial do Pico Sacro.

CHEGAR E ENCHER!

CONCELLO DE VEDRA

"Chegar e encher" unha acción de promoción da hostelería local que podes seguir nas redes sociais municipais.



Avaliación intermedia do voluntariado xuvenil en Vedra no 2021.



Piscina municipal no verán 2021.



Recibimento en Vedra da iniciativa solidaria Caminando Juntos por la AME.



Festa da auga na Ludoverán.




Visita da Ludoverán a Nova Jump.



Visita de "Ti si que es un Bo Peixe" á Ludoverán


ASÍ FOI... NAS ASOCIACIÓNS



Escola Ambiental da Asociación AMABUL.



O ciclo "Cine de Verán" da Asoc. Senunpeso coas súas tres sesións en Ponte Ulla, San Xíán de Sales e San Pedro de Sarandón.





A climatoloxía fixo que parte da programación do Pasatempo de Verán tivera que cambiar de datas...
Facemos repaso da PROGRAMACIÓN PARA SETEMBRO:

NOITIÑA EN SAN PEDRO DE SARANDÓN CON "CIRKOTE"

■ O VENRES 10 DE SETEMBRO ás 21:00 horas no Campo da Festa.

O aforo estará limitado e a actividade respectará a normativa Covid. Non se precisa inscrición previa pero si se tomará nota das persoas asistentes.

(Esta actividade estaba prevista para o mes de xullo e foi modificada pola climatoloxía adversa)



NOITIÑA DE CINE FAMILIAR EN TROBE COA PELÍCULA "BRUXERÍAS"

■ VENRES 17 DE SETEMBRO ás 21:00 horas na contorna do Local Multiusos de Trobe.

O aforo estará limitado e a actividade respectará a normativa Covid. Non se precisa inscrición previa pero si se tomará nota das persoas asistentes.

(Esta actividade estaba prevista para o mes de xullo e foi modificada pola climatoloxía adversa)



ANDA CA BANDA!!

■ O SÁBADO 11 DE SETEMBRO

Percorrido: Ponte Ulla – Catedral de Santiago. A última etapa do camiño da "Vía da Prata".

A actividade conta coa colaboración da Banda de Música de Santa Cruz de Ribadulla que nos acompañará durante o percorrido con algunha parada musical.

Ao remate da xornada: concerto da Banda de Música na Praza das Praterías ás 20:00 horas.

Inscríbete a partir do 1 de setembro en www.concellovedra.gal. Consultas e dúbidas no teléfono 981 814 691



ÚLTIMA NOITIÑA DO PASATEMPO DE VERÁN!!

■ O SÁBADO 25 DE SETEMBRO ás 20:30 horas no Campo da Festa de San Xán de Sales coa seguinte programación:

- Fiadeiro
- Agrupación A Roda
- Non se precisa inscrición previa pero si se tomará nota das persoas asistentes.



AULA MENTOR - VEDRA

■ O Concello de Vedra vén de asinar un convenio co Ministerio de Educación e Formación Profesional para o desenvolvemento do programa de formación “Aula Mentor”.

Aula Mentor é un sistema de formación aberta, libre e a través de internet. Os obxectivos de Aula Mentor céntranse en proporcionar unha alternativa en materia de formación á poboación adulta que non ten a oportunidade de asistir á oferta presencial e cuxo ritmo de aprendizaxe e/ou dedicación require un sistema totalmente flexible non suxeito nin a horarios nin a prazos de ningún tipo.

A oferta formativa (máis de 170 cursos diferentes) materialízase nun conxunto de cursos en permanente actualización, organizados en áreas formativas e que foron deseñados e/ou adaptados especialmente para as características dos/as potenciais destinatarios/as e da modalidade de ensinanza.

As persoas interesadas en realizar estas accións formativas a distancia, contarán con apoio presencial na propia Aula Mentor que estará situada na Casa



da Estación de Santa Cruz de Ribadulla, e con titoría telemática. Esta formación é modular, acumulable e acreditable.

Poñémonos en marcha!

Queremos que esta Aula Mentor sexa un complemento aos servizos educativos no municipio. Tamén unha opción de igualdade de oportunidades de acceso á formación continua ao longo da vida, e que axude á promoción e desenvolvemento persoal da veciñanza; e finalmente que teña vinculación coas medidas de promoción do emprego do concello.

Para máis información:

- www.aulamentor.es
- cultura@concellodevedra.com
- 981 814 695 – 981 814 691

Turismo

ROTEIRO FOTOGRÁFICO “CAPTURANDO UVAS”

■ Ruta guiada que nos permite coñecer os viñedos da Ulla cunha mirada diferente. Visitaremos as paisaxes vitivinícolas do concello acompañados dun fotógrafo profesional que nos ensinará as técnicas básicas de fotografía, co obxectivo de aprender a pararnos nos pequenos detalles e redescubrir o noso municipio dunha maneira distinta.

Ademais de gozar de camiñar e da aprendizaxe da fotografía, aqueles que queiran, poderán presentar as súas fotos ao Concurso fotográfico “A Cultura do Viño na Ribeira do Ulla”.

- Domingo 12 de setembro.

Inscripcións no e-mail: casadospeóns@concellodevedra.com ou no teléfono 981 814 612

CONCURSO DE FOTOS: A CULTURA DO VIÑO NA RIBEIRA DO ULLA

■ Aínda estades a tempo de participar no concurso de fotos “A Cultura do Viño na Ribeira do Ulla”. Recordade que hai catro premios de 300 euros cada un, e que despois haberá unha exposición das fotos participantes.

Podedes presentar as vosas fotografías ata o 12 de novembro no e-mail casadospeóns@concellodevedra.com. As fotos deberán tratar os seguintes temas:

- A paisaxe, o patrimonio e a tradición e a innovación vitivinícola na Ribeira do Ulla.
- Os labores para o coidado do viñado.
- A vendima.
- A elaboración do viño na adega.

VOLVE A V12.DE PARROQUIA EN PARROQUIA

■ Despois dun descanso de verán, volvemos pasear polas nosas parroquias e farémolo por San Mamede de Ribadulla, onde imos falar de pedras e de fútbol. As pedras máxicas de Socastro, as pedras elegantes dos pazos... Ademais a cámara de Son Vedra vaise colar nos adestramentos do Club Deportivo San Mamede para falar cos seus xogadores.

VEDRA EN FESTUR 2021

■ Un ano máis Vedra vai ir a Silleda, a participar en Festur, a Feira de Festas de Interese Turístico.

• **Datas:** Os días 3, 4 e 5 de setembro.



Cultura

VEDRA RECIBE A EXPOSICIÓN ITINERANTE DO CONCELLO DE BOQUEIXÓN "O PICO SACRO NO CÓDICE CALIXTINO"

■ **Datas:** Do 21 ao 26 de setembro.
Lugar: Na Casa das Artes.
Horarios: Martes 21, xoves 23 e sábado 25, de 18:00 a 20:00 h.
 Posibilidade de visitas para grupos no teléfono 981 814 691.

Exposición que pon en valor e dá a coñecer a parte máis lendaria do Pico Sacro. Nela recóllense os escaneamentos do Códice Calixtino onde se narra a lenda da Raíña Lupa que explica á súa vez a translación do Corpo do Apóstolo Santiago e os máxicos feitos acontecidos no Pico Sacro.



O CAMIÑO DAS ESTRELAS- AS ESTRELAS DO CAMIÑO CHEGA A VEDRA CO TEU XACOBEO

■ **Data:** 14 de setembro ás 22:00 horas.
Lugar: Contorna do Campo da Festa de Vedra.
Inscripcións na web www.concellodevedra.gal a partir do 1 de setembro.
Consultas e + info no teléfono 981 814 691.

Goza desta nova oportunidade de ver as estrelas dun xeito diferente!!



ORGANIZA:



Concello de Vedra



USC



Xacobeo 21-22



XUNTA DE GALICIA



ACTIVIDADES TERCEIRA IDADE

■ Pretendemos activar o programa de actividades dirixido ao colectivo de persoas maiores, dándolle prioridade ás actividades que favorecen a prevención do deterioro cognitivo e de mantemento das capacidades físicas.

PROGRAMACIÓN:

Cursos:

- **Ximnasia de maiores:** os luns e mércores de 16:45 a 17:45 h. (grupo I), de 18:00 a 19:00 h. (grupo II) e de 19:15 a 20:15 h. (grupo III).
- **Traballo corporal:** os martes de 18:00 a 19:00 h.
- **Obradoiro de memoria:** os xoves de 17:00 a 18:25 h. (grupo I).

■ **Obradoiro de memoria** (grupo II): os xoves de 18:35 a 20:00 h.

■ **Canto-Coral:** os venres de 19:30 a 21:00 h.

Estes cursos terán un custo de matrícula de 20 € (de outubro a xuño).

Outras propostas:

- **Bailoterapia:** 15 € ao trimestre, dende outubro a decembro: os xoves de 19:00 a 20:00 h.
- **Hipopresivos:** 15 € ao trimestre, dende outubro a decembro: os venres de 17:30 a 18:30 h.

Prevía inscrición e pagamento

■ **Laborterapia:** pintura en roupa, trapillo e outros... Agrupación

“Nas mans da avoa”. os martes de 18:00 a 20:00 h. Gratuito.

■ **Obradoiro de teatro:** os mércores de 20:15 a 21:30 h. Gratuito.

...E o Servizo de estimulación terapéutica para persoas con Alzheimer e outras demencias: de luns a venres de 10:00 a 13:00 h. Con AGADEA.

INFORMACIÓN DE INTERESE

Todas as actividades organizaranse en grupos reducidos. Respetarase a distancia entre persoas e as medidas hixiénico-sanitarias. O uso de máscara será obrigatorio. Inscricións abertas ata o 30 de setembro. Para máis información: 981 814 695 – 981 814 693

LUDETECA MUNICIPAL

■ O mes de setembro vén cargado de actividades onde a maior parte delas estarán centradas na realización de obradoiros e talleres. A través de xogos ensinaremoslles a convivir con outras persoas, a ter unha mirada crítica, co obxectivo de interactuar coas familias, e constituír un punto de orientación, trataremos de informarvos sobre diversos aspectos que inflúen no seu desenvolvemento educativo, posto que a ludoteca ademais de ser un centro lúdico, tamén constitúe un espazo educativo no que pretendemos apoiar e complementar a tarefa educativa que realizan a familia e a escola.

Con esta intención, propoñemos os seguintes obradoiros e actividades:

- Obradoiros
- Xogos cooperativos
- Gran xogo
- Xincanas
- “Miúdos artistas”
- Móvete e baila
- Supercchef

O horario no mes de setembro do 1 ao 8 será de 8:30 a 14:30 h.

A partires do día 10 o horario do servizo de ludoteca será o seguinte:

- Luns a venres de 14:45 a 20:00 h.

Máis información no teléfono 699 041 486 ou 981 814 693; en horario de 9:00 a 13:00 h.



Así foron as Olimpíadas Ludoverán 2021.



Concello
de Vedra



XUNTA
DE GALICIA

NOVO TALLER “MULLERES + 2021”

■ Programa da promoción do empoderamento persoal e autocoidado para mulleres no Concello de Vedra.

Cando nos achegamos ao mundo das TIC e da inserción no mercado laboral nun concello rural como o noso, a perspectiva de xénero permite darnos conta que a situación e posición das mulleres e dos homes non é a mesma. Unha correcta análise de xénero fai-nos decatarse das evidentes brechas de xénero tanto para o acceso ao mercado laboral como na xestión de actividades na vida cotiá en canto ao referente ao emprego das TIC.

O tipo de capacitación que propón Mulleres+ vai encamiñada a achegar ás mulleres ao universo das novas tecnoloxías e ao descubrimento das súas posibilidades, o que reduce o medo e a desconfianza que estes instrumentos aínda xeran. Para iso é necesario realizar un esforzo formativo que mostre o lado máis amable e máis útil das novas tecnoloxías, tratando de reducir a imaxe de elementos complexos e destinados a un público moi específico, e normalmente masculino, en favor dunha concepción práctica das mesmas que permita avanzar no empoderamento das mulleres.

■ Eu sei, eu móvome, eu protéxome.

• Coñecementos básicos no uso das TIC.

As participantes adquirirán coñecementos básicos e habilidades metodolóxicas no uso do computador e os seus compoñentes básicos, o uso dalgunhas aplicacións móbiles e as principais utilidades da internet.

• Coñecementos teóricos e habilidades metodolóxicas para promover a inclusión dixital.

Empoderamento e autonomía das mulleres a través de ferramentas TIC de comunicación (correo electrónico, Skype, Whatsapp, etc.) e de participación nas redes sociais (Facebook, Twitter, Instagram, Pinterest, etc.).

Procura de información en liña (buscadores, xornais, radio e televisión, blogs).

E-xestión da vida cotiá (saúde, lecer e cultura, xestións locais, compras, banca electrónica), participación en organizacións de mulleres, recursos locais, etc.

O departamento de igualdade do Concello quere pór en marcha unha nova acción formativa. Nesta ocasión, trátase do Programa Mulleres+, que dará comezo en setembro.

Estas accións formativas están para iso, para que as mulleres vaian adquirindo coñecementos e ferramentas e que van destinadas ao coñecemento e adquisición de novas capacidades da informática, de idiomas ou doutras ferramentas que lles permita, entre outros aspectos, poder acceder ao mercado laboral.

Para poder facer fronte á fenda dixital de xénero o departamento de igualdade organiza este taller formativo.

O CURSO É GRATUÍTO.

A inscrición, estará colgada na páxina web do Concello, deberá remitirse por sede electrónica, ou ben entregarse persoalmente no departamento de Servizos Sociais do concello.

Máis información nos teléfonos 699 041 486 ou 981 814 693 en horario de 9:00 a 14:00 horas.

MULLERES+

PROGRAMA PARA A PROMOCIÓN DA IGUALDADE E AUTONOMÍA E PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO

APODERAMENTO E PARTICIPACIÓN COMUNITARIA

AUTOESTIMA

AUTONOMÍA

IGUALDADE E EXERCICIO DE DEREITOS

PARTICIPA!

UNIÓN EUROPEA

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA
Secretaría Xeral de Igualdade

Concello de Vedra



ACTIVIDADES ASOCIACIÓN CULTURAL SAN CAMPIO

■ ESCOLA DE MÚSICA E BAILE TRADICIONAL

Curso 2021-2022

Gaita Requinta Acordeón Percusión

Baile tradicional Pandeireta

Horarios:

Luns:

- 17:30 - 18:30: Iniciación ao baile tradicional+ pandeireta 1 (a partir de 4 anos)
- 18:30 - 19:30: Iniciación ao baile tradicional+ pandeireta 2
- 18:30 - 19:30: Grupo de canto e pandeireta xuvenil
- 19:30 - 20:30: Perfeccionamento ao baile tradicional
- 19:30 - 20:30: Gaita, Requinta e percusión
- 20:30 - 21:30: Iniciación a pandeireta
- 20:30 - 21:30: Acordeón
- 21:30 - 22:30: Grupo de canto e pandeireta para persoas adultas (maiores de 18 anos)
- 22:30 - 23:30: Baile tradicional para persoas adultas

Prezos:

Musica e Baile Tradicional:

Baile + pandeireta, gaita, requinta, percusión:

- 10 €/mes socios/as
- (non socios/as, 15 €/mes)

Acordeón:

- 18 €/mes socios/as
- (non socios/as, 22 €/mes)

Profesorado:

- Emilio Lois (música tradicional)
- Gustavo Couto (baile e pandeireta)
- Iria Portos (pandeireta)

■ CLASES DE GUITARRA ESPAÑOLA E GUITARRA ELÉCTRICA

Iniciación:

Día e hora: Os martes ás 18:00 h.

Prezo:

- 15 €/mes socios/as
- 25 €/mes non socios/as

Grupos reducidos de 4 persoas

Perfeccionamento:

Día e hora: Os martes a partir das 19:00 h.

Prezo:

- 15 €/hora para persoas asociadas
- 20 €/hora para persoas non asociadas

Atención individualizada

Profesor:

- Diego Moreira (Guitarrista da París de Noia)

■ CLASES DE BAIXO ELÉCTRICO E UKELELE

Iniciación e perfeccionamento:

Día e hora: os venres ás 16:00 horas.

Prezo:

- 15€/mes socios/as.
- 25€/mes non socios/as.

Grupos reducidos de 4 persoas.

Opción para atención individualizada.

Prezos:

- 15 € a hora para persoas asociadas.
- 20 € a hora para persoas non asociadas.

Profesora:

- Maite Vasquez (baixista en diferentes grupos)

■ BAILE MODERNO

Profesor:

- Diego Moreira
- Pendente de concretar horarios e prezos.

Lugar das actividades:

- Casa da Cultura de San Miguel de Sarandón

Para máis información e inscricións:

- 649 864 269 // 675 045 193
- E-mail: acsancampio@gmail.com

Inscricións ata o 30 de setembro; inicio das clases no mes de outubro. Os horarios son aproximados e poden sufrir variacións segundo a formación dos grupos. A execución de todas as actividades quedarán suxeitas ao protocolo para a prevención da COVID 19.

ACCIÓN ENRED-ARTE

ACCIÓN ENRED-ARTE

3-6 DE SETEMBRO
Intervencións artísticas, obradoiros, mesas de experiencias...
De 17:00 a 20:00 h.

7-9 DE SETEMBRO
Visitando referencias: "DesOrdes creativas" e "Delas Fest"
Saída ás 10:00 h.; regreso ás 21:00 h.

8 DE SETEMBRO
Peché do proxecto e presentación pública
21:00 h.

10 DE SETEMBRO
Peché do proxecto e presentación pública
21:00 h.

* Información e inscricións:
acuxuve@gmail.com
[Facebook/acuxuvevedra](https://www.facebook.com/acuxuvevedra)
Departamento de Cultura e Xuventude: 981814691

Logos: Acuxuve, XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL, Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, iniciativa xove, Concello de Vedra

EE.DD. VEDRA. TEMPADA 21-22



ESCOLAS DEPORTIVAS DE VEDRA

Tempada 2021/2022

INSCRICIÓN ABERTAS

BIBERÓN 2016-2017
PREBENXAMÍN 2014-2015
BENXAMÍN 2012-2013
ALEVÍN 2010-2011
INFANTIL 2008-2009
CADETE 2006-2007
XUVENIL 2003-2005

Información
escolasdeportivasvedra@gmail.com
622 62 92 05
https://www.escolasdeportivasvedra.org

TROFEO DE FÚTBOL CONCELLO DE VEDRA O 19 DE SETEMBRO NO CAMPO DO COTO



TROFEO CONCELLO DE VEDRA 2021

U. D. VAL DO ULLA
--
C. D. SAN MAMED

19 DE SETEMBRO ÁS 19:00 H.

CAMPO DE FÚTBOL DO COTO DE SANTA CRUZ DE RIBADULLA

CUMPRIRASE COA NORMATIVA COVID-19

ESCOLA DE MÚSICA DE VEDRA. TEMPADA 21-22 MATRÍCULA ABERTA!

Información e consultas no teléfono 666 630 109 ou no correo electrónico musicavedra@gmail.com.



ESCOLA DE MÚSICA DE SANTA CRUZ DE RIBADULLA. CURSO 2021/2022

Aberto prazo de matriculación para o curso 2021-2022.

Matriculación presencial: os días 2 e 3 de setembro no local da escola de música de Santa Cruz de Ribadulla. Consultas: nos teléfonos 652 415 887 / 615 343 990.

OLÍMPICO DE VEDRA

Abre o prazo ata o vindeiro 15 de setembro para a reserva de praza nas súas escolas de atletismo e triatlón, que comezarán o luns día 4 de outubro. Para máis información no e-mail olimpicodevedra@hotmail.com, e nas súas redes sociais.

CLUB OLÍMPICO DE VEDRA ESCOLAS DEPORTIVAS 2021-2022

ATLETISMO

GRUPO DE BASE 1 PISTA MULTIUSOS DE VEDRA-CPI VEDRA	LUNS	MÉRCORES	VENRES
- SUB 8 (nad@s 2015-2016) - SUB 10 (nad@s en 2014-2013) - SUB12 (nad@s en 2012-2011)	16:30 a 17:30h	16:30 a 17:30h	16:30 a 17:30h
GRUPO DE BASE 2 PAVILLÓN E PISTA MULTIUSOS DE VEDRA	LUNS	MÉRCORES	VENRES
- SUB 14 (nad@s 2010-2009) - SUB 16 (nad@s 2008-2007) - SUB 18 (nad@s 2006-2005)	17:30 a 18:45h	17:30 a 18:45h	17:30 a 18:45h

TRIATLON

GRUPO DE BASE PISCINA DE TEO, PAVILLÓN E PISTA DE VEDRA	LUNS	MÉRCORES	VENRES
- GRUPO 1 - prebenxamín (nad@s en 2015) - benxamín (nad@s en 2013 e 2014) - alevín (nad@s en 2011-2012) - GRUPO 2 - infantil (nad@s en 2009 e 2010) - cadetes (nad@s en 2007 e 2008)	18:30-19:15H CARREIRA RAMALLOSA 19:15-20:00H NATACIÓN RAMALLOSA	17:15H-18:15H CARREIRA/CICLISMO PISTA VEDRA 20:00-20:45H NATACIÓN RAMALLOSA	17:30 a 18:30 H CARREIRA/CICLISMO PISTA VEDRA 19:15-20:00H NATACIÓN RAMALLOSA
	17:15-18:15H CARREIRA/CICLISMO PISTA VEDRA 20:00H-21:00H NATACIÓN RAMALLOSA	18:30H-19:15H CARREIRA RAMALLOSA 19:15H-20:00H NATACIÓN RAMALLOSA	17:30-18:30H CARREIRA/CICLISMO PISTA VEDRA 20:00H-21:00H NATACIÓN RAMALLOSA

- Os presentes horarios poderán ser susceptibles de modificación/adaptación ao longo da tempada, entre outros, por adaptación dos grupos aos protocolos covid
- As categorías referidas son as correspondentes ao próximo ano 2022.
- Para as novas altas en triatlón, os cativos / as cativas deberán superar proba de natación e ciclismo.
- Para inscrición nas escolas, cubre o enlace que atoparás nas redes sociais do club, para máis información no noso mail: olimpicodevedra@hotmail.com, ou no número de teléfono 621017384.



ABANCA



DEPORTE GALEGO



XUNTA DE GALICIA



NON



Deputación DA CORUÑA



ASOCIACIÓN CULTURAL PAPAVENTOS. CURSO 21-22

■ A asociación Cultural Papaventos abre o prazo de matrícula do 6 ao 27 de setembro para as clases de teatro para rapaces e rapazas de entre 3 e 16 anos.

Serán no Centro social de Vedra os sábados pola mañá

de outubro a xuño (horario a determinar segundo o número de grupos), cun custo de 15€ ao mes.

Para inscribirse hai que enviar un mail a ac_papaventos@yahoo.es.

Parabéns



AO CLUB OLÍMPICO... Polos seus novos triunfos!!

■ A Gabriela Quintás, Martiño Iglesias, Andrea Iglesias e César Otero pola medalla de bronce no campionato galego absoluto de triatlón relevos mixtos por equipos.



■ A Víctor Bouzón pola medalla de bronce sub 23 (8º absoluto) no campionato galego de triatlón sprint.



A DOUS NOVOS PRODUCTOS QUE LEVAN O NOME DE VEDRA POLO MUNDO

■ Ao pack Camelia Xacobe 21-22 de Isabel Cerdeira.



■ Ao novo destilado de baixa graduación 25 Lolitas de Pepe Albela.



■ **NOTA DE INTERESE:** Se coñeces a alguén ou algún colectivo ou algún produto de Vedra que por calquera motivo mereza felicitación non dubides en contalo no enderezo electrónico cultura@concellodevedra.com

PUBLICA A TÚA PROPOSTA: Se pertences a calquera das asociacións de Vedra e o que queres é que a túa actividade saia publicada no Boletín, fáinolo saber no teléfono 981 814 691 ou no correo novas@concellodevedra.com con co asunto: NOVA PARA O BOLETÍN. A DATA LÍMITE PARA FACELO SERÁ O 20 DE CADA MES.